



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Estatística e Introducción á Econometría	Código	611G02014	
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Cancelo de la Torre, Jose Ramon	Correo electrónico	jose.cancelo@udc.es	
Profesorado	Cancelo de la Torre, Jose Ramon Martín Legendre, Juan Ignacio Uríz Tome, Pilar	Correo electrónico	jose.cancelo@udc.es juan.ignacio.martin.legendre@udc.es pilar.uriz@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia ten dous contidos ben diferenciados. A primeira parte, Estatística, é a continuación da materia de primeiro curso ?Estatística? e dedícase a presentar os conceptos e ferramentas da Inferencia Estatística, cuxo obxectivo é aproximar propiedades descoñecidas dunha poboación utilizando os resultados obtidos para unha mostra representativa da mesma. Préstase especial atención aos procedementos empregados para estimar os valores dos parámetros poboacionais descoñecidos, e para contrastar diversas hipóteses sobre os mesmos. A segunda parte, Introducción á Econometría, pretende establecer o papel da Econometría no contexto xeral da ciencia económica, introducir a terminoloxía e a linguaxe econométricos, e iniciar a aprendizaxe dos conceptos e das ferramentas básicas para a análise cuantitativa e empírica da economía.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A3	Valorar a partir dos rexistros relevantes de información a situación e previsible evolución dunha empresa.
A4	Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas de empresas e mercados.
A6	Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.
A8	Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
A9	Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional.
A10	Ler e comunicarse no ámbito profesional nun nivel básico en máis dun idioma, en especial en inglés
A11	Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.
A12	Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo.
B1	CB1-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria general, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	CB2-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo
B3	CB3-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B10	CG5-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.



C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Coñecer e comprender os conceptos fundamentais da Inferencia Estatística.		A3	B1 C4
		A4	B2 C5
		A6	B3 C6
		A8	B4 C7
		A11	B5 C8
		A12	B10
Manexar as técnicas básicas da Inferencia Estatística.		A3	B2 C1
		A4	B3 C4
		A6	B4 C6
		A8	C7
		A11	
		A12	
Coñecer e utilizar correctamente e con precisión a terminoloxía e a linguaxe econométrica.		A4	B1 C1
		A8	B10 C4
		A10	C5
		A11	C6
			C7
			C8
Especificar e estimar modelos sinxelos para a análise cuantitativa das relacións entre as variables económicas, e valorar os resultados da estimación.		A6	B2 C4
		A8	B3 C5
		A11	B4 C6
			B5 C7
			C8
Utilizar as rutinas de cálculo necesarias para resolver os problemas empíricos en economía a través do software adecuado.		A9	B2 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1) Distribucións na mostraxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conceptos básicos</li> <li>- Resultados xerais</li> <li>- Poboacións normais</li> <li>- Algúns resultados para mostrax grandes</li> </ul>
2) Estimación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estimación puntual</li> <li>- Intervalos de confianza: formulación xeral</li> <li>- Intervalos de confianza para poboacións normais</li> <li>- Algúns intervalos de confianza para mostrax grandes</li> </ul>
3) Contrastación de hipóteses	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Formulación xeral</li> <li>- Contrastación de hipóteses en poboacións normais</li> <li>- Algúns contrastes de hipóteses para mostrax grandes</li> </ul>
4) O ámbito da Econometría	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelos económicos e modelos econométricos</li> <li>- Terminoloxía e tipos de datos</li> <li>- Apéndice. Regresión lineal: enfoque descritivo</li> </ul>



5) O modelo clásico de regresión lineal	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Supostos</li> <li>- Estimadores</li> <li>- Interpretación</li> </ul>
---	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B10 C4 C6 C7 C8	2	0	2
Sesión maxistral	A3 A4 A6 A8 A10 A11 B1 B3 B4 B5 B10 C4 C5 C6 C7 C8	15	45	60
Solución de problemas	A3 A4 A6 A8 A11 B2 B3 B4 B5 C1 C4 C6 C7	7	14	21
Prácticas a través de TIC	A3 A4 A6 A8 A9 A11 B2 B3 B4 B5 C6 C7	3	15	18
Obradoiro	A3 A6 A8 A9 A11 A12 B3 B4 B5 C6 C7	8	16	24
Traballos tutelados	A8 A11 A12 B2 B3 B4 B5 B10 C1 C4 C6 C7	4	8	12
Proba obxectiva	A3 A4 A6 A8 A10 A11 B2 B3 B4 B5 C1 C4 C6 C7	3	6	9
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	As clases comezarán cunha presentación da materia, na que expoñeráse con detalle o traballo a desenvolver polo estudiantado e como vai ser avaliado.
Sesión maxistral	Baséase na exposición oral dos conceptos e métodos por parte do profesorado. A exposición inclúe exemplos e exercicios que poñen de relevo as posibilidades e limitacións das técnicas analizadas.
Solución de problemas	Docencia interactiva dedicada á solución de problemas nos que se aplican os conceptos teóricos.
Prácticas a través de TIC	Sesións interactivas dedicadas á presentación e aplicación das ferramentas informáticas relacionadas cos contidos do programa.
Obradoiro	Sesións nas que se realizarán aplicacións da teoría, exercicios, problemas e tarefas prácticas.
Traballos tutelados	Os estudantes realizarán un traballo en grupo da parte de Introducción á Econometría, no que combinarán o aprendido nas sesións maxistras e nas clases de taller e prácticas a través de TIC. O traballo estará supervisado polo profesorado da materia durante a súa realización.
Proba obxectiva	Realizaranse dúas probas para avaliar o grao de aprendizaxe, unha de Estatística e outra de Introducción á Econometría.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Solución de problemas	- Resolución das dúbidas específicas de cada estudante que se poidan suscitar na comprensión dos conceptos teóricos ou na súa aplicación práctica.
Prácticas a través de TIC	- Adaptación do ensino das ferramentas informáticas ás características específicas de cada estudante.
Obradoiro	- A atención prestarase nas horas de clase, nas horas de titoría para grupos reducidos, e no horario semanal de titorías do profesorado.
Proba obxectiva	- Impartiranse catro horas de titoría de grupo reducido para cada grupo ou subgrupo. Estas titorías, que poderán impartirse en forma presencial ou en liña, dividiránse en dúas ou tres sesións.
Traballos tutelados	- A atención personalizada ao estudiantado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia prestarase no horario semanal de titorías do profesorado. En caso necesario procederase a unha extensión do horario anunciado, establecendo un horario de titorías específico para este colectivo.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	A3 A4 A6 A8 A11 B2 B3 B4 B5 C1 C4 C6 C7	Cada estudante terá que resolver e entregar boletíns personalizados de problemas. O apartado de observacións de avaliación inclúe máis información sobre esta metodoloxía.	18
Proba obxectiva	A3 A4 A6 A8 A10 A11 B2 B3 B4 B5 C1 C4 C6 C7	Ao longo do curso realizaranse dúas probas obxectivas, unha para a parte de Estatística e outra para a parte de Introducción á Econometría. O apartado de observacións de avaliación inclúe máis información sobre esta metodoloxía.	70
Traballos tutelados	A8 A11 A12 B2 B3 B4 B5 B10 C1 C4 C6 C7	O estudiantado deberá realizar e entregar un traballo en grupo, supervisado polos profesores. O apartado de observacións de avaliación inclúe máis información sobre esta metodoloxía.	12

## Observacións avaliación



## A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN

### A.1 Condicións de avaliación

As persoas que vaian realizar un exame presencial só poderán usar un bolígrafo e unha calculadora científica non programable. Se fose necesario outro material, será facilitado polo profesorado no momento de realizar a proba, ou anunciarase no Campus Virtual cun mínimo de catorce días naturais antes da data do exame para que o estudante tráiao o día da súa realización.

Seguindo a normativa aprobada pola Xunta da Facultade de Economía e Empresa, está prohibido acceder á aula na que a se celebre o exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información, incluíndo apuntamentos da materia ou similares. Se unha persoa é vista cun dispositivo deste tipo ao seu alcance durante a proba, supoñerase que o emprega con ánimo de fraude e aplicarase a normativa correspondente. As persoas que traian dispositivos deste tipo o día do exame ?incluídos teléfonos móbiles ou reloxos intelixentes- e non teñan onde deixalos, deberán depositalos na entrada da aula antes do comezo da proba. O profesorado non se fai responsable da súa posible perda ou extravío.

### A.2 Identificación do estudante

O estudante ha de acreditar a súa personalidade de acordo coa normativa vixente. Para iso o profesorado poderá requirir en calquera momento a identificación do estudante, quen deberá acreditala mediante a tarxeta de estudante da UDC, o documento nacional de identidade, ou un documento identificativo que a xuízo do profesorado sexa equivalente aos anteriores.

### A.3 Procedemento de actuación ante a realización fraudulenta dunha actividade que computa na avaliación

Nesta materia aplicarase o disposto no Regulamento disciplinar do estudantado da UDC. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

## B) TIPOS DE CUALIFICACIÓN

### B.1 Cualificación de non presentado

Seguindo a normativa aprobada pola Xunta da Facultade de Economía e Empresa, só serán cualificadas con Non Presentado as persoas que se presentaron a actividades que en conxunto supoñan menos do 20% da nota final desa oportunidade.

### B.2 Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia

Aplicaráselles as mesmas normas de avaliación que ao estudantado matriculado a tempo completo, tanto na primeira oportunidade como na segunda. As persoas con recoñecemento de dedicación a tempo parcial están exentas da asistencia a clase, pero teñen a mesma obrigaçión de acudir a calquera tipo de proba de avaliación presencial que o estudantado a tempo completo.

## C) CÁLCULO

### DA CUALIFICACIÓN NAS DIFERENTES OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN



## C.1 Contexto xeral

A materia ten dous contidos ben diferenciados, Estatística e Introducción á Econometría. A cualificación final para o conxunto da materia obtense a partir das notas das actividades que se explican a continuación.

### C.1.1 Detalle das notas da parte de Estatística

- Avaliación continua da parte de Estatística: representa un 15% da nota final (máximo 1,5 puntos), e consistirá na realización de boletíns de problemas personalizados. Os boletíns hanse de entregar nas datas que se anunciarán no Campus Virtual da materia na primeira semana de clase.

- Exame final da parte de Estatística: supón un 35% da nota final (máximo 3,5 puntos). Ademais das dúas oportunidades oficiais que contempla a normativa xeral do centro, farase un terceiro exame a mediados do cuadrimestre, cuxa data se anunciará no Campus Virtual da materia na primeira semana de clase.

### C.1.2 Detalle das notas da parte de Introducción á Econometría

- Avaliación continua da parte de Introducción á Econometría: representa un 15% da nota final (máximo 1,5 puntos), e consistirá en: 1) Un boletín de problemas personalizados, que supoñerá un 3% (máximo 0,3 puntos) da nota final. O boletín hase de entregar na data que se anunciará no Campus Virtual da materia na primeira semana de clase. 2) Un traballo aplicado, tutelado polo profesorado e realizado en grupo, no que combinarase o aprendido nas sesións maxistras e nas clases de taller e prácticas a través de TIC. Este traballo supoñerá un 12% da nota final (máximo 1,2 puntos), e hase de entregar na data que se anunciará no Campus Virtual da materia na primeira semana de clase.

- Exame final da parte de Introducción á Econometría: supón un 35% da nota final (máximo 3,5 puntos). Ademais das dúas oportunidades oficiais que contempla a normativa xeral do centro, farase un terceiro exame ao final do cuadrimestre, cuxa data se anunciará no Campus Virtual da materia na primeira semana de clase.

### C.1.3 Forma de realizar e entregar as actividades que computan na avaliación continua

Para cada actividade de avaliación continua que o estudiantado deba realizar (todos os boletíns de problemas personalizados e o traballo tutelado) publicaranse normas de entrega específicas no Campus Virtual da materia, que detallarán os requisitos que se deben cumprir para que se considere que a actividade foi realizada e entregada correctamente. O incumprimento deses requisitos significará que parte da actividade está mal realizada e sexa cualificada cun cero, supoñerá unha penalización da puntuación, ou levará a considerar que a actividade non se entregou, dependendo do requisito concreto que non se satisfaga. Cada estudante será responsable de comprobar que o que vai entregar cumpre os requisitos pedidos antes de proceder á entrega definitiva.

Estas normas de entrega publicaranse no Campus Virtual cun mínimo de catorce días naturais antes da data límite de entrega da actividade correspondente.

## C.2

### Cualificación final do período de clases

#### C.2.1 Ao final do período de clases cada estudante terá:

a) Unha cualificación provisional para a parte de Estatística, que



variará entre cero e cinco puntos, e que obterase sumando as notas das actividades de avaliación continua e do exame liberatorio desta parte.

b) Unha cualificación provisional para a parte de Introducción á Econometría, que variará entre cero e cinco puntos, e que obterase sumando as notas das actividades de avaliación continua e do exame liberatorio desta parte.

c) Unha cualificación provisional para o conxunto da materia, obtida como suma das anteriores, e que variará entre cero e dez puntos.

C.2.2 Na lista que publicárase no Campus Virtual da materia figurará a cualificación numérica final do estudante, no caso de que teña toda a materia aprobada, ou a(s) parte(s) que terá que repetir no exame oficial da primeira oportunidade, se ten a materia suspensa. Pódense dar catro posibilidades:

a) Ter aprobada toda a materia.

b) Ter liberada a parte de Estatística e suspensa a parte de Introducción á Econometría.

c) Ter suspensa a parte de Estatística e liberada a parte de Introducción á Econometría.

d) Ter suspensas as dúas partes.

C.2.3 Para aprobar a materia é imprescindible cumprir tres requisitos:

a) Ter unha cualificación mínima de cinco puntos no conxunto da materia.

b) Ter unha cualificación total mínima de dous puntos en cada unha das partes.

c) Ter unha cualificación mínima de 1,25 puntos no exame de cada unha das partes.

Os estudantes que satisfagan estes tres requisitos ao final do período de clases estarán aprobados, e non terán que presentarse ao exame oficial da primeira oportunidade.

C.2.4 Terán liberada unha parte da materia os estudantes que obteñan unha cualificación mínima de 2,5 puntos sumando todas as actividades desa parte e unha cualificación mínima de 1,25 puntos no correspondente exame liberatorio, calquera que sexa a cualificación que teñan na outra parte. Os exames oficiais da primeira e da segunda oportunidade terán dúas partes, unha para Estatística e outra para Introducción á Econometría. Se un estudante ten unha parte da materia liberada ao final do período de clases, na primeira e na segunda oportunidade só terá que repetir o exame da parte suspensa.

C.2.5 As partes liberadas da materia só son válidas para o curso actual. Se un estudante que ten liberada unha parte non consegue aprobar a materia no seu conxunto nas dúas oportunidades oficiais, a súa cualificación final será suspenso, e terá que repetir toda a materia nos seguintes cursos académicos.

## C.3

Cualificación final da primeira oportunidade

C.3.1 Estudantes que aprobaron a materia no período de clases

Na acta da primeira oportunidade figurará a cualificación numérica publicada na lista de cualificacións do final do período de clases, salvo que o estudante presentácese a subir nota (véxase máis adiante o punto C.3.5).

C.3.2 Estudantes que ao final do período de clases teñan unha



parte liberada e outra suspensa

Estas persoas terán que repetir o exame da parte suspensa o día e hora fixados pola Facultade de Economía e Empresa para o exame oficial da primeira oportunidade da materia. A nova nota substituirá á nota do exame liberatorio para todos os efectos, e será a que se use para calcular a cualificación final da primeira oportunidade.

Nas demais actividades do curso (todas as actividades da parte liberada e a avaliación continua da parte suspensa) manteranse as notas do período de clases.

**C.3.3 Estudantes que ao final do período de clases teñan toda a materia suspensa**

Estas persoas terán que repetir os exames de Estatística e de Introducción á Econometría o día e hora fixados pola Facultade de Economía e Empresa para o exame oficial da primeira oportunidade da materia. As novas notas substituirán ás notas dos exames liberatorios para todos os efectos, e serán as que se usen para calcular a cualificación final da primeira oportunidade.

Se un estudante que ten que repetir os dous exames, o de Estatística e o de Introducción á Econometría, só repite un deles, considerarase que tamén fixo o exame da outra parte e que o deixou en branco, co que será cualificado cun cero no exame que non fixo e terá a materia suspensa.

Nas actividades de avaliación continua (todos os boletíns de problemas personalizados e o traballo tutelado) manteranse as notas do período de clases.

**C.3.4 Cálculo da nota que figurará na acta da primeira oportunidade**

Soamente aprobarán a materia as persoas que cumpran os tres requisitos indicados no punto C.2.3. A cualificación que figurará na acta da primeira oportunidade será a suma das notas de todas as actividades realizadas, coas seguintes excepcións:

- Os estudantes cuxa suma total sexa igual ou superior a cinco puntos pero que teñan a materia suspensa por non chegar ao mínimo de dous puntos nalgunha das partes ou ao mínimo de 1,25 puntos nalgún dos exames, serán cualificados na acta da primeira oportunidade con 4,5 puntos.
- Tamén serán cualificados con 4,5 puntos os estudantes cuxa nota total non chegue aos cinco puntos pero sexa superior a 4,5.

**C.3.5 Posibilidade de presentarse a subir nota no exame oficial da primeira oportunidade**

Os estudantes que liberasen algunha parte da materia durante o período de clases poderán presentarse a subir nota no exame oficial da primeira oportunidade sempre que o notifiquen en tempo e forma ao profesorado, e que este o autorice por escrito. Os estudantes que teñan aprobada toda a materia poden presentarse á totalidade da materia ou só a unha parte da mesma, á súa elección. As persoas que teñan unha parte suspensa poderán presentarse a subir a nota da outra parte, pero non terán a materia aprobada mentres non cumpran todos os requisitos establecidos no punto C.2.3.

Se un estudante decide presentarse a subir a nota dunha parte que xa ten liberada, a nova nota que obteña no exame oficial substituirá á nota que tiña no correspondente exame liberatorio para todos os efectos. Por tanto é posible que unha persoa que tiña unha parte liberada e preséntese a subir nota, pase a ter esa parte suspensa e por tanto suspenda toda a materia.

C.4





Cualificación final da segunda oportunidade

C.4.1 Estudantes que despois da primeira oportunidade teñan unha parte liberada e outra suspensa

Estas persoas terán que repetir obrigatoriamente o exame da parte suspensa o día e hora fixados pola Facultade de Economía e Empresa para o exame oficial da segunda oportunidade da materia. A nova nota substituirá á nota da primeira oportunidade para todos os efectos, e será a que se use para calcular a cualificación final da segunda oportunidade.

En canto ás demais actividades

do curso (todas as actividades da parte liberada e a avaliación continua da parte suspensa), por defecto mantéñense as notas obtidas na primeira oportunidade. Para a súa posible repetición, véxase o punto C.4.3.

C.4.2 Estudantes que despois da primeira oportunidade teñan toda a materia suspensa

Estas persoas terán que repetir obrigatoriamente os exames de Estatística e de Introducción á Econometría o día e hora fixados pola Facultade de Economía e Empresa para o exame oficial da segunda oportunidade da materia.

As novas notas substituirán ás notas da primeira oportunidade para todos os efectos, e serán as que se usen para calcular a cualificación final da segunda oportunidade.

Se un estudante que ten que repetir os dous exames, o de Estatística e o de Introducción á Econometría, só repite un deles, considerarase que tamén fixo o exame da outra parte e que o deixou en branco, co que será cualificado cun cero no exame que non fixo e terá a materia suspensa.

En canto ás demais actividades

do curso (todos os boletíns de problemas personalizados e o traballo tutelado), por defecto mantéñense as notas obtidas na primeira oportunidade. Para a súa posible repetición, véxase o punto C.4.3.

C.4.3 Posibilidade de acadar o

100% da cualificación da materia na segunda oportunidade

Seguindo as orientacións da Facultade de Economía e Empresa, os estudantes, se así o desexan, poderán acadar o 100% da cualificación da materia na segunda oportunidade, independentemente das notas que obtivesen na primeira oportunidade.

Para iso o estudante poderá escoller entre:

- a) Ser cualificado da maneira que se explicou nos puntos C.4.1 e C.4.2, mantendo as notas da primeira oportunidade da avaliación continua e, se é o caso, do exame da parte liberada.
- b) Renunciar a todas as notas da primeira oportunidade e examinarse de toda a materia polo 100% da cualificación na segunda oportunidade.

No segundo caso téñase en conta que:

- O estudante fará un exame da parte de Estatística e outro da parte de Introducción á Econometría. Cada exame será cualificado sobre cinco puntos.
- Os dous exames faranse o día e hora fixados pola Facultade de Economía e Empresa para o exame oficial da segunda oportunidade da materia.
- Para aprobar é necesario cumprir dous requisitos: 1) obter unha nota mínima de dous puntos (sobre cinco) no exame de cada parte; e 2) obter unha nota mínima de cinco puntos ao sumar as notas dos exames de Estatística e



de Introducción á Econometría.

- Estes exames por si sós non permiten obter a cualificación de Matrícula de Honra. Para optar a ela é necesario:

- a) Obter unha nota de dez puntos sumando os dous exames, e
- b) Realizar unha proba adicional similar ao traballo tutelado de

Introdución á Econometría. Esa proba realizarase nun prazo máximo de sete días a contar desde a data do exame oficial da segunda oportunidade da materia.

Antes do comezo do período de avaliación da segunda oportunidade, o profesorado anunciará no Campus Virtual da materia o procedemento que deben seguir as persoas que queiran obter o 100% da cualificación na segunda oportunidade. Nese momento abrirase un prazo para que o estudantado interesado notifiqueo ao profesorado, que finalizará uns días antes do comezo do período de avaliación da segunda oportunidade. As notificacións que non se envíen ao profesorado en tempo e forma antes da data límite non se terán en conta. As datas concretas en que se anunciarán o procedemento a seguir e o prazo da notificación publicaranse no Campus Virtual da materia na primeira semana de clases.

Por defecto manteranse as notas da primeira oportunidade que se detallaron nos puntos C.4.1 e C.4.2 para todos os estudantes, de modo que as persoas que queiran examinarse de toda a materia e ser cualificadas sobre dez puntos terán que solicitalo expresamente. Iso inclúe aos estudantes que non entregasen ningunha actividade ou que non se presentasen a ningún exame na primeira oportunidade: se non solicitan en tempo e forma que os seus exames sexan calificados sobre dez puntos, a súa cualificación da segunda oportunidade calcularase da maneira que se explicou no punto C.4.2.

C.4.4 Cálculo da nota que figurará na acta da segunda oportunidade



Soamente aprobarán a materia as persoas que cumpran os tres requisitos indicados no punto C.2.3 ou, no caso das que opten por acadar o 100% da cualificación na segunda oportunidade, as que cumpran os dous requisitos indicados no punto C.4.3. A cualificación que figurará na acta da segunda oportunidade será a suma das notas de todas as actividades realizadas, coas seguintes excepcións:

- Os estudantes cuxa suma total sexa igual ou superior a cinco puntos pero que teñan a materia suspensa por non chegar ao mínimo de dous puntos nalgunha das partes ou ao mínimo de 1,25 puntos ou de dous puntos, según proceda, nalgún dos exames, serán cualificados na acta da segunda oportunidade con 4,5 puntos.
- Tamén serán cualificados con 4,5 puntos os estudantes cuxa nota total non chegue aos cinco puntos pero sexa superior a 4,5.
- Os estudantes que opten por acadar o 100% da cualificación na segunda oportunidade e que teñan un dez no exame, pero que non fagan a proba adicional para a Matricula de Honra ou que a fagan e non a superen, serán cualificados con 9,5 puntos (Sobresaliente).

## C.5

### Convocatoria adiantada

A cualificación determinarase mediante un exame que se celebrará na data que estableza o centro. O exame cualificarase sobre un máximo de dez puntos, dos cales a parte de Estatística supoñerá un máximo de cinco puntos e a parte de Introducción á Econometría un máximo de cinco puntos. Para aprobar a materia será necesario cumprir os dous seguintes requisitos:

- a) Ter unha cualificación mínima de cinco puntos no conxunto da materia.
- b) Ter unha cualificación mínima de dous puntos (sobre cinco) en cada unha das partes.



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Peña, D. (2008). Fundamentos de Estadística. Alianza Editorial</li><li>- Newbold, P. (1997). Estadística para los Negocios y la Economía. Prentice Hall</li><li>- Ramil, M., Rey, C., Lodeiro, M. y Arranz, M. (2014). Introducción a la Econometría: teoría y práctica. Noroeste S.L.</li><li>- Stock, J.H. y Watson, M.W. (2012). Introducción a la Econometría. Pearson</li><li>- Wooldridge, J.M. (2010). Introducción a la Econometría: un enfoque moderno. Cengage Learning</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Carrascal, U., González, Y. y Rodríguez, B. (2000). Análisis Económico con EViews. Ra-ma</li><li>- Casas Sánchez, J. M. (1997). Inferencia Estadística. Editorial Centro de Estudios Ramón Areces</li><li>- Casas Sánchez, J. M. y otros (2006). Ejercicios de inferencia estadística y muestreo para economía y administración de empresas. Editorial Pirámide</li><li>- Guisán, M.C. (1997). Econometría. McGraw-Hill</li><li>- Gujarati, D. (2006). Principios de Econometría. McGraw-Hill</li><li>- Martín, G., Labeaga, J.M. y Mochón, F. (1997). Introducción a la Econometría. Prentice Hall</li><li>- Ruiz-Maya, L. y Martín-Pliego López, J. (2005). Fundamentos de Inferencia Estadística. Editorial Thomson-AC</li></ul>

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Principios de Microeconomía/611G02001  
Principios de Macroeconomía/611G02005  
Estatística I/611G02006  
Matemáticas I/611G02009  
Matemáticas II/611G02010

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

Econometría/611G02019

### Observacións



1) REQUISITOS PREVIOS Esta materia é a continuación da materia Estatística de primeiro

curso. É moi recomendable que os estudantes estean familiarizados cos contidos

que alí se impartiron, e de forma moi especial coas propiedades da media e da

varianza, a regresión lineal, as distribucións de probabilidade, o manexo das

táboas estatísticas e o teorema central do límite. Tamén é conveniente que

repasen algúns conceptos básicos de álgebra matricial, como o produto de

matrices e o determinante e a inversa dunha matriz. 2) OUTRAS CONSIDERACIÓNS- Terase en conta a importancia dos principios éticos

relacionados

cos valores de sostibilidade e nos comportamentos persoais e profesionais.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes

sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de

respecto e igualdade.

- Facilitarase a plena integración do alumnado que por

razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten

dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida

universitaria.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías